

### **Os socialistas de Vilalba denuncian que unha empresa particular está realizando obras en terreos públicos que están calificados como zona verde**

Os traballos, que se localizan nas inmediacións do edificio multiusos, no que, “curiosamente”, ten un negocio de hostalería un concelleiro do PP, teñen unha dobre funcionalidade segundo o PSOE: mellorar o firme para o seu uso como aparcadoiro pola construtora que está a levantar a estrutura do tanatorio e, pola outra, favorecer o estacionamento dos camións nas proximidades do establecemento do edil, co fin de que este aumente os seus beneficios

Ante a posibilidade de que o Concello estea a incorrer nunha irregularidade, pois “o máis penoso é que o propio aparelador municipal nos manifestou o seu total descoñecemento das obras”, os socialistas anuncian que solicitarán, por escrito, copia de tódolos documentos que amporen as actuacións

**VILALBA, 9 DE ABRIL.-** Os socialistas de Vilalba denuncian a realización de obras de asfaltado en terreos públicos que están calificados como zona verde. Concretamente, os traballos aos que se refiren son os que se están a executar nun lugar próximo ao edificio multiusos, no que, “curiosamente”, tamén ten un negocio de hostalería un concelleiro do Partido Popular.

Para os socialistas, que o Concello autorice estas actuacións “non é froito da casualidade”, senón que teñen unha dobre funcionalidade: mellorar o firme para o seu uso como aparcadoiro pola construtora que está a levantar a estrutura do tanatorio e, pola outra, favorecer o estacionamento dos camións nas proximidades do establecemento do edil, co fin de que este aumente os seus beneficios.

#### **O aparelador municipal descoñece as obras**

Ante a posibilidade de que o Concello estea a incorrer nunha irregularidade, pois “o máis penoso é que o propio aparelador municipal nos manifestou o seu total descoñecemento das obras”, os socialistas anuncian que pedirán, por escrito, copia de tódolos documentos que amporen as obras que se realizaron con anterioridade e que se están a executar na esplanada de entrada do polígono industrial das sete pontes.

Asimesmo, a maiores da necesaria aceptación do gasto, solicitarán as autorizacións para o uso do solo público, así como os permisos concedidos para a apertura da porta que comunica a zona verde pública coa parcela do tanatorio. Neste senso, lembran que calquera modificación que se produza na utilidade do solo, debería de ser previamente aprobada polos órganos urbanísticos competentes.